

CONVOCATORIA PARA POSTOS DE VENDA
MERCADO DE PRIMAVERA
XVIII FEIRA DE CULTIVOS DO BAIXO MIÑO
NOVAS DATAS! 12, 13 e 14 de maio

Os vindeiros días ~~5, 6 e 7~~ **12, 13 e 14 de maio de 2023** celébrase na Praza Pintor Antonio Fernández de Goián (Tomiño) a **XVIII Feira de Cultivos do Baixo Miño**. Esta feira emblemática da comarca, ata agora “Mostra de Cultivos”, evoluciona e crece pasando a celebrarse ao aire libre na nova Praza Antonio Fernández de Goián e contorna, recién remodelada, e incorporando unha axenda de actividades culturais e lúdicas como nunca antes.

Outra das novidades é a organización dun **Mercado de Primavera**, que será un lugar idóneo para que persoas artesáns, produtores locais, e comercios variados participen ofrecendo os seus produtos ás persoas que participen e visiten a Feira.

A solicitude de participación no Mercado de Primavera da XVIII Feira de Cultivos do Baixo Miño está aberta a todas aqueles profesionais, con alta fiscal e IAE (persoas autónomas ou empresas) preferiblemente da zona do Baixo Miño (Tomiño, Tui, O Rosal, A Guarda, Oia), dacordo ás seguintes:

BASES

1.- A Feira de Primavera terá lugar os días **12, 13 e 14 de maio de 2023**, na **Praza Pintor Antonio Fernández de Goián** (Tomiño).

2.- O **horario** de apertura dos postos será:

- venres 12 de maio, de 17:30 a 21:00 h.
- sábado 13 de maio, de 10:00 a 15:00 e de 17:30 a 21:00 h.
- domingo 14 de maio, 10:00 a 15:00 e de 17:30 a 21:00 h.

3.- **As persoas participantes deberán manter o posto montado durante todo o día**. Durante o descanso do medio día, o persoal da organización ocuparase da vixilancia dos postos. Pola noite recoméndase recoller os materiais dos postos ata o día seguinte.

4.- A participación é **gratuíta**.

5.- As solicitudes serán valoradas por orde de entrada e aceptadas en base aos seguintes **criterios** pola organización:

- Profesionalidade.
- Calidade e cantidade da produción.
- Variedade de oficios representados.
- Carácter innovador da proposta solicitante.

6.- O **número estimado de participantes será de 20**, estando esta cifra suxeita a variacións por parte da organización por motivos loxísticos.

7.- As **temáticas susceptibles de participación** serán: o comercio de todo tipo, artesáns (con carta de artesán en vigor), venda de produtos locais... A organización valorará e seleccionará as propostas admitidas para o Mercado de Primavera.

8.- A **data límite de inscrición será o mércores 10 de maio**

9.- A organización porá a disposición de cada participante no Mercado de Primavera dun **posto aberto, de madeira**, das seguintes dimensións: ancho: 220 cm; fondo: 130 cm; alto toldo: 210 cm.

10.- O **horario para descargar e montar** será o día 12 de maio de 14:30 a 17:30h, e para a recollida o domingo 14 de maio de 21.00h a 23.00h.

11.- Dado o carácter gratuito dos postos, é preciso o depósito de unha **fianza**, que será devolta na súa totalidade tras a celebración da Feira. O importe da fianza é de 50€, que **deberá ser ingresada** na seguinte conta bancaria unha vez recibida a aceptación de participación:

IBAN: ES26 0182 1795 4102 0157 7552

Titular: Linckia Integria, S.L.

Concepto: Fianza Mercado Primavera - {nombre de solicitante}

12. A inscrición deberá formalizarse cubrindo o **formulario habilitado** para tal fin na web da feira de Cultivos, na seguinte URL:

<https://feiradecultivos.gal/solicitud-posto-mercado-primavera/>

13.- Para resolver calquera dúbida, deberá escribir un correo a info@feiradecultivos.gal ou chamar ao **639 53 94 42**

Tomiño, a 30 de marzo de 2023